

CONCELLO DA LARACHA

SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O DÍA 31 DE XANEIRO DO ANO 2019

No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Concello da Laracha, sendo as 13 horas e 30 minutos do día 31 de xaneiro do ano 2019, baixo a Presidencia do sr. Alcalde e coa asistencia dos sres. concelleiros que se relacionan, réunese o Pleno da Corporación para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para este día.

PRESIDENTE

JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA

CONCELLEIROS

Grupo político municipal P.P.

JOSÉ RAMON MARTÍNEZ BARBEITO

JESÚS SOUTO PENA

RAMIRO BELLO RECOUSO

ALBERTO FUENTES PREGO

PATRICIA M^a. BELLO CANEDO

MARÍA DEL ROCÍO LÓPEZ REY

CRISTINA VIEITES CALVO

ADELINA LISTE MONELOS

ANTONIO FRAGA BOLÓN

ANA BELÉN RODRÍGUEZ VILAS

JOSÉ ALBERTO BLANCO VEIGA

Grupo político municipal B.N.G.

XOAN MANOEL SANDE MUÑIZ

CAROLINA CASTIÑEIRAS BRANDÓN

Grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE

ELADIO VERDÍA GARCÍA

JUAN CAAMAÑO REGUEIRA

Grupo político municipal Mixto

NON ASISTE

Non asisten: **ANTONIO ANTELO AÑÓN**

Asiste como secretaria a da Corporación, Cristina Castro Fuentes, que da fe do acto. Asiste o Interventor municipal Manuel Martínez Varela

Antes do inicio da sesión celébrase un minuto de silencio polas mulleres vítimas de violencia de xénero

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DE 29.11.2018, 19.12.2018 e 27.12.2018

Non habendo intervencións, enténdense aprobadas as actas por unanimidade

2.-DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DE ALCALDÍA

Explica o alcalde que neste Pleno dase conta dunha relación dende o 984/2018 de 27/11/2018 ata o 40/2019 do 25/1/2019

Non hai intervencións

3.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS XERAIS DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDIO DE DETALLE PARA A ORDENACIÓN DE VOLUMES NAS PARCELAS 6 E 7 DO PLAN PARCIAL CANCELO DO MEDIO

Dase lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Asuntos Xerais sobre a seguinte proposta de alcaldía, que se copia:

PROPOSTA DE ACORDO RELATIVA A ESTUDIO DE DETALLE PARA ORDENACIÓN DE VOLUMES NAS PARCELAS 6 E 7 DO PLAN PARCIAL CANCELO DO MEDIO

PRIMEIRO.- *Aprobar definitivamente o estudo de detalle, datado do mes de setembro de 2018 redactado polo arquitecto José Antonio Canedo Zapata, para ordenación de volumes nas parcelas 6 e 7 do Plan Parcial Cancelo do medio, agrupando ditas parcelas, a instancia de Ana Belén Varela González e Roberto Vegas Fuentes.*

SEGUNDO.- *Levantar a suspensión do outorgamento de licenzas no ámbito do estudo de detalle.*

TERCEIRO.- *publicar o acordo de aprobación definitiva no prazo dun mes da súa adopción no Diario Oficial de Galicia (artigos 82.2 Lei 2/2016 do solo de Galicia –LSG- e 199.2 do Regulamento da Lei do solo -RLSG-) .*

CUARTO.- *Notificar o acordo aos promotores e individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados.*

QUINTO.- *Realizar os trámites previstos nos artigos 82 e 88 da LSG, e nos artigos 199, 209 e 212 do RLSG, e segundo o disposto na Orde do 10 de marzo de 2017, pola que se establecen os modelos normalizados de solicitudes para a inscrición de datos no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, para a entrada en vigor do documento.*

SEXTO.- *Publicar no Boletín Oficial da provincia o estudo de detalle, unha vez publicado no DOG e inscrito no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia (artigos 82.3 da LSG e 199.3 da RLSG).*

O alcalde

Non habendo debate, sométese a votación do ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais resultando aprobado por unanimidade

4- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS XERAIS DE APROBACIÓN DA ADHESIÓN AO CONVENIO POLO QUE SE ESTABLECEN AS BASES DE COOPERACIÓN

ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS DA LARACHA, CABANA DE BERGANTIÑOS, CARBALLO, CORISTANCO, LAXE, MALPICA DE BERGANTIÑOS E PONTECESO PARA REGULAR O “PROXECTO ANLLÓNS”

Dase lectura lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Asuntos Xerais sobre a seguinte proposta de alcaldía, que se copia:

*“O alcalde deste Concello da Laracha, á vista da proposta de convenio de adhesión para a cooperación entre a Deputación provincial da Coruña e os concellos da Laracha, Cabana de bergantiños, Carballo, Coristanco, Laxe, malpica de Bergantiños e Ponteceso para regular o “Proxecto Anllóns” remitida dende a Sección de Turismo do organismo provincial
PROPÓN ao Pleno ordinario o seguinte*

1º.-A aprobación da adhesión ao convenio polo que se establecen as bases de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e os Concellos da Laracha, Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco, Laxe, Malpica de Bergantiños e Ponteceso para regular o “Proxecto Anllóns”

*2º.- Aasí mesmo e de conformidade co disposto na súa cláusula 8º na que figura:
Oitava.- Órgano de impulso, dirección e seguimento.*

1. A xestión compartida do proxecto Anllóns estará impulsada e dirixida por un órgano colexiado que se denominará Consello de dirección e que realizará as funcións de comisión de seguimento deste convenio e dos acordos que se adopten no seu desenvolvemento.

2. Dito órgano estará formado por representantes de todas as entidades partícipes, de acordo coa seguinte distribución:

a) Dous representantes de cada unha das corporacións partícipes, sendo un deles a Alcaldía ou concelleira/o no que delegue.

(...)

Con base no anterior PROPOÑO ao Pleno desta Corporación a designación dos seguinte dous representantes:

1º.- Alcalde- José Manuel López Varela

2º.- José Ramón Martínez Barbeito

Na Laracha 22.01.2019

O alcalde”

Sométese a votación ó non haber debate resultando aprobada por unanimidade

5.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS XERAIS DE ADHESIÓN Á INICIATIVA DO “PACTO DE LOS ALCALDES PARA EL CLIMA Y LA ENERGÍA”

Dase lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Asuntos Xerais sobre a seguinte proposta de alcaldía, que se copia:

*(...) Por todo iso, este Concello quere sumarse ao PACTO DOS ALCALDES PARA O CLIMA E A ENERXÍA e apoiar esta iniciativa, necesaria para conseguir a sustentabilidade enerxética e a adaptación ao cambio climático do noso Concello. E para que conste, eu **D. José Manuel López Varela**, alcalde desta Corporación, comprométome a:*

- 1. Reducir as emisións de CO₂ no noso territorio en ao menos un 40 por cento ata 2030 mediante o aumento da eficiencia enerxética e un maior uso de fontes de enerxía renovables.*
- 2. Traballar na promoción de medidas para a adaptación ao cambio climático mediante a creación de plans de acción en favor da enerxía sustentable e o aumento da resiliencia fronte ao cambio climático.*
- 3. Elaborar un Inventario de Emisións de Referencia e unha avaliación de riscos e vulnerabilidades derivados do Cambio Climático, como base para o Plan de Acción para eo Clima e a Enerxía Sustentable (PACES) no que se resuman as accións clave que planean levar a cabo.*
- 4. Presentar o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable no prazo de 2 anos a partir da sinatura oficial do Pacto dos Alcaldes para a supervisión e verificación do proceso.*
- 5. Desenvolvido o Plan de Acción, elaborar un informe bianual para a avaliación, control e verificación dos obxectivos, informando dos fitos acadados en cumprimento do Plan.*
- 6. Compartir a nosa visión, resultados, experiencia e coñecemento con outras autoridades locais e rexionais da Unión Europea.*
- 7. Adaptar as estruturas do Concello incluíndo a asignación de suficientes recursos humanos para o desenvolvemento das accións necesarias.*
- 8. Mobilizar á sociedade civil no noso ámbito para que participe no desenvolvemento do Plan de Acción.*
- 9. Comunicar os presentes acordos á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para facer posible as tarefas de apoio e coordinación.*

Por todo o anterior esta alcaldía propón ao pleno a dopción dos seguintes acordos:

- A adhesión do Concello da Laracha ao Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía, promovido pola Unión Europea.*

- *Facultar ao Alcalde, D. José Manuel López Varela, a representar ao Concello na sinatura do Pacto de Alcaldes e en calquera outras actuacións que requira a súa execución.*

Rematada a lectura do ditame pola Secretaria, intervén o voceiro do partido socialista Eladio Verdía e manifesta que está claro que existe o cambio climático. Dí que tamén debería trasladarse por importancia o tema das enerxías renovables e o parque eólico do Sr. Feijoo

Considera moi ambiciosos compromisos como a redución do 40% das emisións de CO2. En todo caso, anuncia que van votar a favor.

Intervén o voceiro do BNG Xan Sande e manifesta que o seu grupo tamén vai votar a favor. Di que deben mirarse todos os niveis de contaminación e non soamente de CO2 senón tamén doutros componentes como a queima de aceites industriais por parte dalgunha empresa local.

Intervén o alcalde e di que é necesaria a implicación de parte pública e privada. Di que evidentemente existe un cambio climático e deben adoptarse medidas

Sométese a votación o ditame da Comisión Informativa resultando aprobado por unanimidade

6- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS XERAIS DE ADHESIÓN Á CANDIDATURA DE XEOPARQUE COSTA DA MORTE E A SÚA INTEGRACIÓN NA REDE DE XEOPARQUES MUNDIAIS DA UNESCO

Dase lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Asuntos Xerais sobre a seguinte proposta de alcaldía, que se copia:

José Manuel Pato González Presidente da Asociación para a Xestión do Xeoparque Costa da Morte, presentou un escrito en data 26 de outubro de 2018 co fin de que o concello Pleno apoie institucionalmente a presentación dunha candidatura ante a UNESCO para que sexa recoñecido o Xeoparque Costa da Morte.

Examinados os fins da asociación, PROPOÑO AO PLENO DESTE CONCELLO DA LARACHA: Que aprrobe o apoio institucional candidatura para que o Xeoparque Costa da Morte sexa integrado na REDE DE XEOPARQUES MUNDIAIS DA UNESCO, sendo o alcalde o representante deste Concello na Asociación Xeoparque Costa da Morte

Na Laracha, 21/1/2019

O alcalde

Intervén o voceiro do partido socialista Eladio Verdía e di que o seu grupo avi votar a favor.

Intervén o voceiro do grupo municipal do BNG e manifesta que o seu grupo vaise abster,.

Toma a palabra o alcalde e di que en toda a zona é o único xeoparque. Dí que debe intentarse a declaración de XEOPARQUE pola UNESCO

Sométese a votación o ditame da Comisión informativa resultando aprobado por 12 votos do grupo municipal do PP + 2 do grupo municipal do PSOE e 2 abstencións do grupo municipal do BNG

Non habendo intervencións, sométese a votación a proposta resultando aprobada por unanimidade.

Sendo as 13:45h dase por rematada a sesión

7º.- MOCIÓNS DE URXENCIA

7.1. O Grupo municipal socialista a través do seu voceiro presenta a moción de urxencia con nº de RE 409 de data 29.01.2019, cuxa parte expositiva di

.- Reforzar e seguir pondo en valor as medidas contidas no Pacto do Estado en materia de violencia de xénero de Congreso e Senado co obxectivo de combater o terrorismo machista, o problema mais grave que sofre actualmente a sociedade española e galega, que ten o seu caldo de cultivo nunha cultura e educación profundamente antidemocrática e que parte da idea da superioridade do home sobre a muller.

.- manifestar a súa repulsa a todas as manifestacións da devandita violencia, o seu compromiso coas vítimas e declarar tolerancia cero cos maltratadores.

.- Expresar o seu rexeitamento a calquera posicionamento político que propugne a eliminación ou minoración das medidas de protección das mulleres fronte a violencia machista, así como o drama social e as consecuencias que ten para as vítimas

.- Neste sentido, rexeitar a adopción de calquera tipo de acordo, explícito ou implícito, coas formacións que exponen a supresión ou redución das medidas de protección das mulleres, dando así cobertura a políticas irresponsables que levan un altísimo rixo de agravar o problema

.- No marco do reforzamento das iniciativas para combater esta secuela, comprométese a impulsar a aplicación da Lei de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e a Lei 12/2016 do 22 de xullo pola que se modifica a Lei 11/2007 do 27 de xullo, galega, contra a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, en coordinación con todos os poderes públicos.

Rematada a lectura da moción por parte do voceiro do grupo municipal socialista Eladio Verdía, di o alcalde que este concello, a través da Oficina de Información á Muller traballa moitísimo por este tema. Que esta semana houbo reunión de dúas mesas de Coordinación da Xunta Local de Seguridade, que se celebra sempre antes dos plenos ordinarios un minuto de silencio como rexeitamento á violencia de xénero e que por todo isto o goberno vai aprobar a urxencia da moción, pero que descoñece cales poden ser os motivos para que traia unha moción deste tipo ao Pleno dun concello que tanto traballa por condenar a violencia de xénero e axudar ás mulleres que a sufren.

Sométese a votación a urxencia da sesión resultando aprobada por unanimidade.

Sométese a votación o fondo da moción resultando aprobado por unanimidade.

7.2. O Grupo Municipal do BNG presenta como moción de urxencia a que ten rexistro de entrada de 25 de xaneiro de 2019 co nº 367, cuxa parte dispositiva di:

O Pleno do Concello da Laracha insta á Xunta de Galiza a tomar as seguintes medidas para mellorar a sanidade pública galega, fundamentalmente a Atención Primaria, e ofrecer mais servizos á poboación do concello da Laracha:

.- Dotación de consultas ordinarias en horario de tarde no Centro de Saúde da Laracha e servizos administrativos, cun mínimo dunha consulta médica, unha de enfermería e unha praza de Persoal de Servizos Xerais

.- Creación dunha consulta de Odontoloxía no Centro de Saúde da Laracha, cun mínimo dun/unha odontólogo/a e un/unha hixienista dental.

.- Dotación dunha praza de Persoal de Servizos Xerais no Consultorio de Caión.

.- Aumento do orzamento destinado a Sanidade

.- Dimensionamento e estabilidade dos cadros de persoal: convocatoria de todas as prazas vacantes en todas as categorías, contratos estábeis e dignos, substitucións dos profesionais pola totalidade das ausencias, aumento das prazas de formación de especialistas.

.- Redución das listas de espera: contratando persoal e tendo operativos todos os recursos dos que dispón o Sergas (camas, quierófanos...) e non derivando doentes á sanidade privada mentras existan recursos dispoñíbeis, susceptibles de ser usados nos centros públicos

.- Plan de Mellora de Atención Primaria: incremento do investimento ate chegar como mínimo ao 20% do orzamento (no inmediato incremento de 200 millóns de euros). Recuperación das Xerencias de Atención primaria con capacidade resolutiva e orzamentaria. Incremento de prazas (fundamentalmente medicina familiar e pediatría) mellorar os equipamentos nos centros de saúde e PACs. Garantir equipos completos de profesionais nos PACs

Rematada a lectura por parte do voceiro do BNG Xoán Sande, intervén o alcalde e di que o concello en moitas desas peticións non ten competencia, aínda que sí poden examinar aquilo que pode instarse ao órgano competente

Di o alcalde que gracias a que está o PAC non é necesario ir a Laracha ou Carballo dende as 3 da tarde e di que hai que agradecerlle á Xunta que tomase en conta as peticións do concello.

Di que poden pedirse mais servizos como consulta de tarde e odontoloxía no PAC da Laracha

Pero que o certo é que en Caión non hai cartillas suficientes e iso é complicado. Xa é complicado mantelo aberto como para pedir mais persoal, di. Comenta o alcalde que o te,a da Sanidade está politizado, ó seu xuízo.

O 1º Tenente de alcalde fai lectura dun escrito do grupo municipal do PP ante a moción presentada-

O PP da Laracha está moi satisfeito coa ampliación do centro médico e punto de atención continuada da Laracha e valoramos en gran medida o investimento superior a 1 millón de euros que está a realizar a Xunta para mellorar as infraestruturas sanitarias no municipio e, deste xeito, facilitar aos profesionais o desenvolvemento da súa actividade e mellorar a atención aos usuarios do consultorio médico e o PAC.

A sanidade pública sempre foi unha prioridade nos orzamentos da Xunta. Nos últimos anos os recursos sanitarios non só non diminuíron, senón que aumentaron. En 2019 a Xunta dedicará á sanidade 3.984 M€, a cifra máis alta da historia na nosa comunidade autónoma. Iso supón o 40,45% DO ORZAMENTO DA XUNTA DE GALICIA. No ano 2008, co goberno bipartito, era do 33,02%. A pesar do inicio da recuperación económica e dos ingresos públicos, a Xunta ten en 2019 un orzamento inferior ao de 2008 en 1.110M€, e, sen embargo, dedica á sanidade 348M€ máis.

Respecto da Atención Primaria, resulta moi relevante que en receitas tomamos medidas de eficiencia (xenéricos, compra centralizada, catálogo,...) que permitiron diminuír o orzamento dedicado a este capítulo ofrecendo a mesma calidade.

Desde 2009 a sanidade pública en Galicia mellorou os seus servizos todos os anos, e hoxe chega con máis prestacións e máis axilidade que nunca. O ano pasado alcanzáronse os máximos históricos en consultas, transplantes e intervencións cirúrxicas, ademais de presentar as menores esperas desde que hai rexistros. Ademais, nos PACs resolvéronse o 92% dos casos sen derivar a urxencias hospitalarias

Dispoñemos dunha Atención Primaria excelente, accesible e resolutiva, dotada de profesionais competentes, cun orzamento axeitado, pero que está a sufrir tensións derivadas en boa medida do aumento progresivo da demanda, que se xunta coa escaseza de profesionais para cubrir prazas, en particular médicos de familia e pediatras.

Estas cifras poñen de manifesto que o sistema sanitario mantén un altísimo nivel de calidade e que non houbo ningún recorte nestas prestacións.

Os indicadores de saúde en España, e sobre todo o de esperanza de vida que iso leva consigo, son dos mellores do mundo.

Intervén o concelleiro Xoán Sande e dille ao alcalde si cré que todos os que reclaman pola Sanidade están politizados. Di o concelleiro nacionalista que non cre que a apertura en horario de tarde suporía necesariamente incremento de persoal. Di o concelleiro nacionalista tamén que xa no 2009 o equipo de Feijoo dicía que o PAC de Caión abriría de tarde. Contéstalle o alcalde que faise un esforzó moi forte por mellorar os servizos.

Sométese a votación a urxencia da moción resultando rexeitada por 12 votos en contra (do PP) e 4 a favor (2 do BNG e 2 do PSOE)

7.3. 2º moción de urxencia do grupo municipal do BNG presentada por rexistro o día 19 de decembro de 2018 co nº 7166 de rexistro de entrada cuxa parte expositiva di:

1º.- *Elaborar unha proposta consensuada coa FEGAMP para regular o financiamento dos concellos galegos.*

2º.- *Establecer as partidas non finalistas dentro do capítulo de transferencias totais con destino ás entidades locais, así como de determinadas subvencións que os concellos perciben anualmente de xeito recorrente coa conseguinte modificación da porcentaxe de participación, coa finalidade de integralas no Fondo de Cooperación Local.*

3º.- *Crear un fondo específico anual formado polas transferencias non executadas con destino ás entidades locais*

4º.- *Establecer os criterios que rexan o reparto das subvencións da Comunidade Autónoma a favor das entidades locais, obxectivos e consensuados coa FEGAMP e que garantan a igualdade de acceso cunha convocatoria pública á que concorrerán todos os concellos en igualdade de oportunidades.*

Rematada a lectura da moción intervén o alcalde e dille ó vocairo nacionalista Xoán Sande que a maioría das convocatorias da Xunta veñen consensuadas coa FEGAMP.

Pero que a Deputación da subvencións directas a concellos do BNG e do PSOE non consensuadas coa FEGAMP. Que a Deputación menos o Plan único, todo o demais adxudícao directamente.

Sométese a votación a urxencia da moción resultando rexeitada por 12 votos en contra e 4 a favor (2 do BNG e 2 do PSOE)

7.4. O Goberno municipal do PP presenta unha moción relativa á corrección do título dun proxecto do Plan único dos concello: Plan de Obras e Servizos de Competencia municipal POS 2019

Cópiase o texto:

A Deputación da Coruña remitiu ao concello notificación de subsanación de erros correspondente ao POS+ 2019 e concretamente á obra incluída no Plen Complementario do ano 2019 “ Mellora da sinalización horizontal e vertical de camiños municipais no Concello da Laracha” debido a que “ consonte o establecido nas bases da convocatoria (base 2.3) non se admiten denominacións xenéricas, debendo ser identificados con precisión e claridade os investimentos, incluíndo sempre un nome propio na denominación”

Polo que é necesario aprobar de novo, polo Pleno, o proxecto da obra coa nova denominación a cal é a seguinte, mantendose o resto do Plen nas mesmas condicións que as aprobadas en sesión do 19 de decembro de 2018

MELLORA DA SINALIZACIÓN HORIZONTAL E VERTICAL DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NO CONCELLO DA LARACHA:

A XESTEIRA, CRUCEIRO VELLO AL POLÍGONO

POLÍGONOAO CONCELO, O CRUCEIRO

A REGA-AMIEIRO-A COSTA ATA A TELLEIRA

A TELLEIRA A GANDARA, VILLAR A NOGÁN

NOGÁN A BRAÑA, NOGÁN A AREOSA

AREOSA A BOTICA, A TORRA A FOFELLE

GABENLLE A REQUESENDE- A XESTA- A BREA- A BAIUCA

Sométese a votación a urxencia da moción. Aprobase a urxencia por unanimidade. Sométese a votación o fondo do asunto resultando aprobado a favor por unanimidade

8º.- ROGOS E PREGUNTAS

8.1. Rogo do PSOE (29/01/2019 – 408)

Di a parte expositiva do rogo que por parte desa alcaldía que roga se adopten as medidas precisas para poder tellar o parque infantil que hai ó lado do concello

Contéstalle o alcalde que hai 18 parques infantís e que debe mirarse dende un punto de vistam urbanístico e os aspectos legais

8.2. Rogo do BNG (25.01.2019 nº 371)

Di a parte expositiva do rogo que:

.- solicitamos que todos e cada un dos impresos e documentación que se manexan nesta administración pública local do Concello da Laracha estean sempre a disposición inmediata da veciñanza en lingua galega, sendo por defecto a primeira opción.

.- Que o Goberno municipal supla a carencia que ten esta administración dun departamento de Normalización Lingüística que vele polos intereses e dereitos lingüísticos no noso concello, ao tempo que promova de xeito activo e decidido o uso normalizado do galego

Contéstalle o alcalde que todo o que se fai no concello é en galego. Que o que lle ocorreu á concelleira nacionalista Carolina Castiñeiras ó recoller un volante de empadronamento foi debido a un erro.

Sendo as 14.40h dase por rematada a sesión